

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

Bases da convocatoria de subvención ás asociacións de pais e nais de alumnos dos colexios e institutos de Carballo para a realización do Programa de actividades educativas do ano 2017

Coa finalidade de colaborar coas asociacións de pais e nais que representan os intereses dun sector moi importante da comunidade educativa que complementan as actividades académicas e realizan unha importante labor de dinamización cultural dos centros educativos de Carballo, promovendo a organización e realización de actividades de carácter educativo por parte destas entidades, e en cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e da ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, propónse á Alcaldía que dicte a seguinte resolución:

Primeiro.–Aprobar as seguintes Bases da Convocatoria de Subvencións ás Asociacións de Pais e Nais de Alumnos dos Colexios e Institutos de Carballo para realización do programa de actividades do ano 2017:

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN ÁS ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS DOS COLEXIOS E INSTITUTOS DE CARBALLO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO ANO 2017

1.–OBJECTO.

Estas subvencións teñen por obxecto colaborar coas asociacións de pais e nais dos colexios e/ou institutos de Carballo para a realización do programa de actividades educativas de carácter cultural do ano 2017 (celebradas entre o 1 de xaneiro e o 10 de outubro de 2017).

2.–FINALIDADE.

Con estas subvencións o Concello de Carballo pretende colaborar coas asociacións de pais e nais que representan os intereses dun sector moi importante da comunidade educativa que complementan as actividades académicas e realizan unha importante labor de dinamización cultural dos centros educativos de Carballo, promovendo a organización e realización de actividades educativas de carácter cultural por parte destas entidades.

3.–SOLICITANTES.

Poderán solicitar estas subvencións as asociacións de pais e nais dos colexios de 2º ciclo de educación infantil, primaria e institutos de educación secundaria de Carballo, xuridicamente constituídas, rexistradas no Concello de Carballo, sempre que cumpran, ademais, os seguintes requisitos:

- Desenvolver un programa de actividades educativas de carácter cultural.
- As actividades non persigan finalidades estritamente de lucro.
- O ámbito de actuación sexa o término municipal de Carballo.
- Teñan a súa sede social no municipio e realicen as súas actividades culturais no mesmo.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica co Concello correspondente a exercicios anteriores.

Atendendo a características excepcionais do CEIP Canosa-Rus ao que asiste maioritariamente alumnado veciño de Carballo (preto do 80%), a pesar de que este centro educativo está ubicado no termo municipal de Coristanco, a Anpa do devandito centro tamén poderá solicitar esta axuda.

4.–CRITERIOS DE CONCESIÓN E IMPORTE DAS AXUDAS.

O procedemento de concesión destas subvención axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e seguirase un procedemento abreviado no que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto polo Concelleiro de Cultura e aprobados polo órgano correspondente, consonte ao procedemen-

to previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvención examínanse e serán outorgadas sempre que se cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria.

O importe das axudas será de 700€ por Anpa.

En calquera caso o presuposto de gastos do proxecto presentado pola ANPA deberá ser superior ao importe da subvención.

Para a concesión destas axudas destinarase un presuposto de 8.400€. O importe do crédito destinado a esta convocatoria, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria, respectando os límites e condicións establecidas no artigo 58 do Real decreto 887/2006 de 21 de xullo e no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

5.-DOCUMENTACIÓN.

As entidades que soliciten algunha subvención deberán presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Carballo (preferentemente no Rexistro existente no Pazo da Cultura, Rúa do Pan s/n) no prazo dun mes dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP, a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones.

As solicitudes presentaranse no modelo que a tal fin preparará o Concello de Carballo e no que constará:

- Nome, enderezo, teléfono e CIF da Asociación de Pais e Nais.
- Nome e apelidos do representante da asociación, CIF, teléfono e enderezo a efectos de notificación e fotocopia do DNI do representante da entidade.
- Centro educativo ao que pertencen.
- Número de alumnos matriculados no centro ao que corresponde a ANPA no curso 2016-2017.
- Número de pais e nais que forman parte da asociación no momento de presentar a solicitude.
- Nome do proxecto de actividade que se presenta a esta convocatoria e presuposto total e desglosado de gastos e ingresos previstos, coa expresión da financiación prevista.
- Proxecto valorado da actividade no que se incluírán os seguintes puntos: data e lugar de celebración, breve descripción da actividade, obxectivos e fins concretos aos que se destinarán as axudas, programa previsto, destinatarios e número de participantes previsto, responsable da actividade e outras entidades que colaboran.
- Lugar, data e sinatura da persoa solicitante.
- Declaración detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto indicando o seu importe e procedencia ou declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Declaración xurada conforme se está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social. O Concello de Carballo achegará de oficio as certificacións que acrediten que a entidade solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Carballo e coa Axencia Tributaria.
- Certificación da conta bancaria a nome da asociación.

6.-RESOLUCIÓN.

6.1.-Na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado no que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto polo Concelleiro de Cultura e aprobados polo órgano correspondente, consonte ao procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2.-A resolución co acordo de concesión e denegación das subvencións farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Carballo e será notificada a todos os solicitantes no prazo de 10 días desde a data da resolución.

6.3.-As subvencións son compatibles con outras concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados. Non obstante o importe das axudas recibidos non poderá superar o custe total da actividade ou proxecto que se quere desenvolver.

6.4.-O pago das subvencións aprobadas realizarase mediante transferencia bancaria.

7.-OBRIGAS DOS PERCEPTORES.

As entidades receptoras das subvencións estarán obrigadas a:

- Organizar e realizar a actividade para a que foi concedida a subvención dentro do prazo previsto. No caso de producirse calquera alteración importante no presuposto ou no proxecto da actividade deberá comunicarllo ao Concello, que deberá autorizar o cambio.

- Facer constar nos materiais de difusión e publicidade das actividades organizadas pola asociación a colaboración do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores.
- No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas,...) estará redactada en galego.
- No caso de que a actividade se realice na vía pública ou ao aire libre, dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade.
- Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.
- Comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.
- Estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.
- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Xustificar a actividade subvencionada nos prazos e condicións que se sinalan no apartado seguinte.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realizan.

8.-PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN E DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE.

8.1.-Prazo de xustificación.

O beneficiario da subvención deberá presentar a xustificación da actividade subvencionada no seguinte prazo:

- Se a actividade xa está realizada, a xustificación deberá presentarse no prazo máximo dun mes, que comezará a cotnar dendo o día seguinte á comunicación da concesión da subvención.
- Se a actividade non estivera finalizada no momento da comunicación da subvención, deberá xustificarse a subvención no prazo dun mes desde a súa finalización, que comezará a contar ao día seguinte da finalización da actividade. En calquera caso, a xustificación deberá presentarse antes do 13 de outubro..

Finalizado o prazo sen que as entidades presentasen a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto da subvención, o Servizo de Cultura requirirá para que no prazo improrrogable de dez días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de subvencións.

8.2.-Documentación xustificativa.

- Declaración da realización do programa de actividades obxecto da subvención e memoria da actividade realizada, dos resultados obtidos, conforme ao modelo que proporcionará o Concello.
- Documentos que demostre a realización da actividade subvencionada, como noticias de prensa, fotografías, tríptico ou cartel... No caso de que non fora posible aportar algún destes documentos explicarse o motivo.
- Declaración clasificada e detallada segundo os conceptos que figuran na solicitude dos gastos e ingresos correspondentes á actividade subvencionada realizadas pola entidade, asinada pola secretario/a e presidente/a da asociación e indicación das desviacións respecto do orzamento presentado na solicitude.
- Facturas correspondentes as actividades ou gastos do programa subvencionado, por un importe igual ou superior á subvención concedida, e relación clasificada das facturas presentadas con indicación do concepto de gasto, concepto do orzamento ao que corresponden, do acreedor, documento, importe e data de emisión. As facturas deben de corresponder a gastos que se consideran subvencionables conforme figura especificado na Base 8.3.

As facturas deberán ser orixinais ou fotocopias compulsadas e deberán ser por un importe igual ou superior á cantidade concedida. Nas facturas orixinais deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida especificando a súa utilización para a xustificación da subvención desta convocatoria. En todos caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concederá a subvención.

No caso de presentación de facturas por un importe inferior ao da subvención, aboarase só o importe presentado.

- Declaración detallada das subvención ou axudas obtidas doutras administración públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto indicando o seu importe e procedencia ou declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

- Declaración xurada conforme se está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social. Se a contía da subvención superase os 3000€ os beneficiarios deberán entregar certificación da Seguridade Social acreditando estar ao corrente das obrigas tributarias.
- O Concello de Carballo achegará de oficio as certificacións que acrediten que a entidade solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Carballo e coa Axencia Tributaria.

8.3.–Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividades subvencionada e resulten estrictamente necesarios e se realicen no prazo establecido.

Non son gastos subvencionables os gastos correspondentes á comida nin bebida.

Para a xustificación, só se admitirán como gastos subvencionable os gastos de mantemento da asociación e atencións protocolarias por un importe máximo total do 25% do importe da subvención concedida.

9.–PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

Vista a documentación xustificativa presentada, logo do informe-proposta do departamento de Cultura e da fiscalización da intervención municipal, o órgano competente valorará se se cumpríu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso, aprobará os xustificantes presentados e ordenará o pagamento.

10.–REVISIÓN E ANULACIÓN.

10.1.–O Concello de Carballo reserva para si o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos e a inversión da cantidade económica outorgada así como a efectiva realización delas, e a estender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

10.2.–En caso de incumprimento das obrigas por parte dos perceptores, o Concello poderá revocar e esixir o reintegro da subvención.

11.–OUTRAS DISPOSICIÓNS.

11.1.–O concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estén obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

11.2.–A presentación de solicitudes para esta convocatoria implicará a autorización ao Concello de Carballo para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información.

11.3.–De conformidade coa la Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), infórmase que os datos suministrados nos formularios que se presenten a esta convocatoria poden pasar a formar parte dun ficheiro automatizado de titularidade do Concello de Carballo, cuxa finalidade é a xestión da convocatoria para a que se presenta esta solicitude. O responsable do tratamento dos datos recollidos será a Concellaría de Cultura, con enderezo en Praza do Concello, s/n, 15100 Carballo. O Concello de Carballo e a Concellaría de Cultura comprométese a adoptar as medidas de seguridade que correspondan en cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, entregando o formulario disposto para tal finalidade no Rexistro de Entrada Municipal, no enderezo electrónico lopd@carballo.org ou chamando ao tfno.981 704 703.

O Concello de Carballo suministrará os datos relativos ás subvencións concedidas ao Rexistro Público de Subvencións de Galicia e á Base de Datos Nacional de Subvencións.

12.–FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

13.–NORMATIVA APLICABLE.

Para todo aquilo no previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Carballo.

14.-INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

En cumprimento do disposto no artigo 18.2 e 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativas de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de datos nacional de subvencións información sobre a concesión das subvencións.

Segundo.–Aprobar un gasto por un importe total de 8.400 € (retención de crédito núm 201700009956) con cargo á aplicación presupostaria 3340.-4890000 dos Orzamentos Xerais do Concello de Carballo para facer fronte á concesión e pago das subvencións previstas nas Bases da Convocatoria de Subvencións ás Asociacións de Pais e Nais de Alumnos dos Colexios e Institutos de Carballo para realización do programa de actividades do ano 2017.

O importe do crédito destinado a esta convocatoria, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria, respectando os límites e condicións establecidas no artigo 58 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Carballo, 17 de abril de 2017.

O alcalde

D. Evencio Ferrero Rodríguez

2017/3132